

LICEO FRANCISCANO  
Núm 223 (Julio-Diciembre 2024), pp. 181-204  
ISSN 0211-4011  
e-ISSN 2530-917X  
D.L. C755-2003

## *Teología y Espiritualidad*

### **O CÁNTICO DAS CRIATURAS E A SUSTENTABILIDADE. ESCOITAR O GRITO DA TERRA**

→ Martín Carbajo-Núñez\*

\* Pontificia Università Antonianum  
ISTM, Alfonsianum  
FST - University of San Diego (USA)  
mcarbajon@gmail.com

## O CÁNTICO DAS CRIATURAS E A SUSTENTABILIDADE. ESCOITAR O GRITO DA TERRA

### RESUMO:

Recoñecendo que “todo está interconectado”, este artigo analiza os desafíos ecolóxicos do actual sistema económico, que dá prioridade ao crecemento material e promove un consumismo desenfreado. En lugar de focalizarse en satisfacer as necesidades humanas fundamentais, que son sempre limitadas, estimula desexos ilimitados, poñendo en risco a sustentabilidade do ecosistema global e provocando o berro da terra (parte 1). Considera ao ser humano como un consumidor insaciable, atrapado nun conflito constante co mundo que o rodea (parte 2). Para saír deste círculo vicioso de loita e autodestrución, é necesario fomentar unha novo paradigma relacional, inspirado en Francisco de Asís e no seu Cántico das Criaturas (parte 3).

**Palabras chave:** Cántico das Criaturas, Francisco de Asís, Sustentabilidade, Economía ecocéntrica, Ecoloxía integral.

### ABSTRACT:

Recognizing that «everything is interconnected», this article explores the ecological challenges posed by the current economic system, which prioritizes material growth and fuels relentless consumerism. Rather than addressing genuine human needs—which are naturally limited—it stimulates unlimited desires, endangering the sustainability of the global ecosystem and amplifying the cry of the earth (Part 1). The Human being is portrayed as an insatiable consumer, locked in constant conflict with the world around him (Part 2). To overcome this cycle of struggle and self-destruction, we must foster a new relational paradigm inspired by Francis of Assisi and his Canticle of the Creatures (Part 3).

**Keywords:** Canticle of Creatures, Francis of Assisi, Sustainability, Ecocentric economy, Integral ecology.

---

Recibido/Received: 06/03/2025

Aceptado/Accepted: 30/04/2025

O sistema económico actual sobresaí na produción de bens materiais, pero xera insatisfacción, ameaza a sostibilidade do ecosistema global e amplía a brecha entre ricos e pobres. O crecemento económico converteuse no obxectivo principal, reducindo a natureza e os traballadores a meros recursos para obter beneficios<sup>1</sup>. “Por iso, entre os pobres máis abandonados e maltratados, está a nosa terra oprimida e devastada, que ‘xime e sofre’”<sup>2</sup>.

O berro da Terra está indisolublemente unido ao grito dos pobres e marxinados, que sofren de maneira desproporcionada as consecuencias da degradación ambiental. En certo sentido, Francisco de Asís amosa esta conexión entre a natureza e os máis desfavorecidos ao escoller o dialecto dos máis humildes para loar a Deus a través de todas as criaturas.

En resposta a eses gritos, o Papa Francisco propuxo unha economía ecocéntrica e fraterna, orientada ao ben común e “atenta sobre todo aos pobres e excluídos”<sup>3</sup>. Para promovelos, en 2020 convocou en Asís un encontro internacional de xoves economistas (menores de 35 anos) titulado “A Economía de Francisco”, co propósito de reflexionar sobre como superar o paradigma tecnocrático imperante, que é prexudicial para a á vida. “Esta economía mata”, advirte o Papa<sup>4</sup>.

183

Ao organizar ese evento en Asís, o Papa Francisco recoñeceu a significativa contribución da tradición franciscana para ao pensamento económico. En súa encíclica *Laudato si'*, tamén presentou a San Francisco de Asís como un irmán universal, plenamente reconciliado con Deus, cos outros,

---

<sup>1</sup> Cf. BOFF Leonardo. *Ecologia, mondialità, mistica. L'emergenza di un nuovo paradigma*. Assisi (PG): Cittadella, 1993, 42-43.

<sup>2</sup> FRANCISCO. *Laudato si'*. Carta encíclica (24.05.2015), [LS], 53. En: AAS 107 (2015) 847-945.

<sup>3</sup> FRANCISCO. Carta para o encontro *Economy of Francesco*, (1.05.2019), [Ec-Fco]. En: *Osservatore Romano* [OR] (12.05.2019) 8.

<sup>4</sup> FRANCISCO. *Evangelii gaudium*. Exhortación apostólica, (24.11.2013), [EG], 53. En: AAS 105 (2013) 1019-1137. TORNIELLO Andrea y GALEAZZI Giacomo. *This economy kills: Pope Francis on capitalism and social justice*. Toronto: Novalis, 2015.